



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.gal](http://sede.abegondo.gal)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.gal](mailto:correo@abegondo.gal)

## APROBACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA NA PARTE ESPECIAL A FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN POR OCUPACIÓN DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA

### Artigo 1.º. Fundamento e natureza

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, o Concello establece a parte especial da taxa por ocupación de subsolo, solo e voo da vía pública, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, na que as súas normas atenden ao previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988, na súa nova redacción dada pola Lei 25/1998, do 13 de xullo.

### Artigo 2.º. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible desta taxa, conforme o artigo 20 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local en su solo, subsolo e voo, con:

- Instalacións de transporte de enerxía con todos os seus elementos indispensables que para os meros efectos enunciados se definen como caixas de amarre, torres metálicas, transformadores, instalacións o liñas propias de transporte ou distribución de enerxía eléctrica, gas, auga ou outras subministracións enerxéticas, instalacións de bombeo e demais elementos análogos que teñan que ver coa enerxía e que constitúan aproveitamentos ou utilizacións do dominio público local non recollidos neste apartado.
- Instalacións de transporte de gas, auga, hidrocarburos e similares.
- Instalacións de telefonía.

O aproveitamento especial do dominio público local producirase sempre que se deban utilizar instalacións das referidas que materialmente ocupan o dominio público en xeral.

Para os efectos da presente ordenanza enténdese por dominio público local todos os bens de uso, dominio público ou servizo público que se encontren no termo municipal, así como os bens comunais ou pertencentes ao común de veciños, exceptuándose por iso os denominados bens patrimoniais.

O obxecto desta taxa só alcanza a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local no seu solo, subsolo e voo, de instalacións que dean subministración a persoas físicas, xurídicas e resto de entidades nun punto de subministración dentro do ámbito territorial do Concello.

O obxecto non alcanza, por tanto, a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local no seu solo, subsolo e voo, de instalacións que dean subministración a outras poboacións (instalacións de paso), nin a instalacións que non dean subministración ningunha, que serán gravadas mediante a habilitación doutra ordenanza.

### Artigo 3.º. Base imponible

A base imponible constitúena os ingresos brutos polos servizos subministrados a clientes do Concello de Abegondo aos que se refire o artigo anterior, nos casos de empresas subministradoras de servizos de subministracións xerais, tales como electricidade, gas, hidrocarburos, telefonía e outros calquera.

### Artigo 4.º. Suxeito pasivo

Están obrigados ao pago da taxa regulada nesta ordenanza as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que desfruten, utilicen ou aproveiten o dominio público local mediante a autorización administrativa preceptiva ou sen ela.

Principalmente, serán suxeitos pasivos desta taxa coas categorías e clases que se dirán, as persoas físicas e xurídicas así como las entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que teñan a condición de empresas ou explotadores dos sectores da auga, gas, electricidade, hidrocarburos, telefonía e calquera outras subministracións de interese xeral, sempre que desfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.gal](http://sede.abegondo.gal)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.gal](mailto:correo@abegondo.gal)

dominio público local en beneficio particular, conforme a algún dos supostos previstos nos artigos 20 e seguintes do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, tales como as empresas que producen, transportan, distribúen, subministran e comercializan enerxía eléctrica, hidrocarburos (gasodutos, oleodutos e similares) e auga, así como os seus elementos anexos e necesarios para prestar o servizo no Concello de Abegondo ou en calquera outro lugar pero que utilicen ou aproveiten o dominio público municipal, afectando coas súas instalacións o dominio público local.

#### Artigo 5.º. Cota tributaria

A cota tributaria consistirá na cantidade resultante de aplicar o 1,5 % sobre a base imponible.

#### Artigo 6.º. Responsabilidades

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 38, 39 e 40 da Lei xeral tributaria, de acordo cos artigos 41, 42 e 43 desta lei, e na medida que a Lei xeral tributaria determine.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

#### Artigo 7.º. Exencións e bonificacións

Non se concederá exención ou bonificación ningunha no pagamento da taxa.

O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais non estarán obrigados ao pago das taxas por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público polos aproveitamentos inherentes aos servizos públicos de comunicacións que exploten directamente e por todos os que inmediatamente interesen á seguridade cidadá ou á defensa nacional.

#### Artigo 8.º. Obriga de contribuír

1. Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír, que orixina o dereito de cobramento:

- a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos de vía pública, no momento no que se inicie o uso privativo ou o aproveitamento especial.
- b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio e cesamento na utilización privativa ou aproveitamento especial, que nese caso o período impositivo axustarase a esa circunstancia co conseguinte rateo da cota por trimestres naturais.

#### Artigo 9.º. Normas de xestión

A taxa esixirase en réxime de autoliquidación

As empresas explotadoras de servizos de subministracións que sexan suxeitos pasivos da taxa deberán presentar trimestralmente declaración dos ingresos brutos que obteñan dentro do termo municipal. A dita declaración será presentada no Concello coa sinatura do director xerente ou da persoa en quen este delegue expresamente, e selo da empresa.

Simultaneamente á presentación da declaración, as empresas obrigadas ao pago deberán, dentro do mes seguinte ao trimestre obxecto de declaración, autoliquidar a correspondente taxa e efectuar o pago na Tesourería Municipal, a través de entidade colaboradora ou na forma e prazos previstos nos convenios aos que o Concello se adhira para a xestión da taxa. No concepto do pago deberá incluírse expresamente o ano e o trimestre ao que corresponde o pago.

#### Artigo 10.º. Devindicación

A devindicación da taxa terá lugar o día 1 do trimestre natural de cada ano, e o período impositivo comprenderá o mes natural seguinte á finalización do período da devindicación, salvo nos supostos de inicio ou cese nos aproveitamentos, en cuxo caso o período impositivo se axustará á dita circunstancia co conseguinte rateo da cota.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.gal](http://sede.abegondo.gal)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.gal](mailto:correo@abegondo.gal)

### Artigo 11.º. Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a estas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.

O incumprimento da obriga de presentar a autoliquidación, de efectuar o ingreso en prazo, ou de efectualo en contía inferior á debida, comportará a exixencia dos recargos por extemporaneidade ou en vía de apremio, así como o inicio de procedementos de inspección e, no seu caso, a imposición da correspondente sanción, todo iso de acordo co previsto na Lei xeral tributaria e nas ordenanzas de xestión, recadación e inspección.

### Artigo 12.º. Destrucción e deterioro

Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparelada a destrución ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pago da taxa a que tivese lugar, estará obrigado ao reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e ao depósito previo do seu importe.

Tal depósito constituirase en función do valor dos bens ou instalacións que puidesen resultar afectados, previo ditame do técnico municipal que os cifre.

No suposto de empresas que representen unha certa continuidade ou periodicidade nos aproveitamentos, aínda cando sexa en lugares distintos do municipio, co fin de facilitar a xestión administrativa derivada desta, poderá concertarse a constitución dun depósito global, que poderá constituírse en metálico ou mediante aval ou fianza de carácter solidario prestado por unha entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca, revisable nos períodos que no convenio se determinen, e cuantificado en función dos presuntos danos polo aproveitamento de tales períodos.

O depósito poderase afectar a sancións por incumprimento da normativa vixente ou das condicións da licenza. A devolución da fianza esixirase informe previo favorable sobre o cumprimento estrito da normativa vixente, das condicións da licenza e da correcta reparación do pavimento.

### Disposición final

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, comezarse a aplicar a partir do día 1 de xaneiro de 2024 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.